# O CID, A LENDA

## FICHA TECNICA

Director ……………………………………. José Pozo
Produtor ……………………………………..Julio Fernández
Dirección Artística …………………………..Adriá García; Victor Maldonado
Guión …………………………………… José Pozo
Montaxe …………………………………… Félix Bueno
Produción Musical ……………………… Rafael Duyos/Jordi Cubino
Música de efectos especiais …………… Noel F. Ciernan
Dirección de animación 3D…………………Maxi Díaz
“ “ 2D………………..Javier Martín
Escenografía …………………………… Toni Fezjula




## FICHA ARTÍSTICA

Rodrigo …………………………………… Manuel Fuentes
Gimena ……………………………… Natalia Verbeke
Urraca ……………………………………...Loles León
Gormaz ……………………………… Sancho Gracia
Ben Yussuf y Conde Ordóñez………………..Carlos Latre
Garcés ……………………………………...Miguel Ángel Rodríguez

## SINOPSE



Rodrigo, fillo dun nobre castelán; amigo de Sancho e namorado de Gimena.
Gimena filla do conde de Gormaz, namorada de Rodrigo, pero prometida polo seu pai a outro nobre.
Ben Yussuff xefe árabe que trata de conquistar Valencia e o resto dos estados cristiáns.
Trala morte do rei Fernando, hai unha chea de conspiracións que rematarán coa vida de Sancho e a coroación coma rei do seu irmá Alfonso.

Este desterra de Castela a Rodrigo o sentirse humillado porque tivo que xurar publicamente que el non tivera nada que ver na morte de seu irmá.
Lonxe de Castela, Rodrigo e uns poucos homes, coa axuda do príncipe Al-Mutamin, inician unha aventura, recuperando territorios e facendo fronte o malvado Ben Yussuf.

# VALORES A DESTACAR

**Amizade:** A amizade de Rodrigo e Sancho, que leva a Rodrigo a enfrontarse a o rei Alfonso.

**Honor:** O honor como forma de actuar, seguindo unhas regras de xogo.

**Lealdade:** lealdade o seu rei, aínda que fora inxustamente desterrado por el.

**Autoestima - Asertividade:** Rodrigo durante toda a película actúa de forma asertiva. Isto fai que ante os conflitos, busque solucións, non desespere e se enfronte as situacións con ánimo e sen perder de vista os seus obxectivos.

**Interculturalidade:** Vense claramente a forma de vestir, as espadas

**Xénero:** Vemos o estereotipo da muller con respecto a elección do seu futuro, a súa sumisión o pai. Detalle final dela cabalgando no seu propio cabalo.

# ACTIVIDADES ANTES DE VISIONAR A PELÍCULA

1º/ Dáse a cada rapaz e rapaza un mapa histórico da España desa época.
Pintan de distintas cores as distintas zonas cristiás e árabes.




2º/ Buscan información sobre a Reconquista.

# ACTIVIDADES PARA DESPOIS

## Actividade 1:

Isto é meu. ISTO É MEU. ISTO É MEU……..

Nun folio pintamos esta frase de moi diversas formas e cores.

Plantexamos a pregunta de se esta frase é o motivo de todos os conflitos e todas as guerras.

Nunha esquina da clase sitúanse os de si e noutra os de non. Danse 10 minutos para que falen entre si, se poñan de acordo nas razóns da súa postura.
Nomean representantes, e expoñen a todos as razóns acordadas.
Poden rematar facendo un mural con este material, e recortes de xornal con conflitos actuais.

## Actividade 2:

A actividade para 2º ciclo, será en grupos de 4, recordar conflitos reais de clase ou colexio, parque...

Escribir as causas dese conflito e a solución que se lle dou. Poden aportar outra solución que crean houbera resolto mellor o conflito.
Poden escenificalo.



A Xura de Santa Gadea